

2. Blanco Torres como teórico do nacionalismo

2.1. A nacionalidade, a lingua e a universalidade

Que o nacionalismo galego tomara como súa a tarefa de tutela intelectual, concebida como unha toma de conciencia das forzas vitais e espirituais propias que compoñen a fisionomía xeográfica, étnica, histórica, cultural e linguística de Galiza, débese, en boa medida, a Vicente Risco e a súa obra *Teoría do nacionalismo galego* (1920). Se ben, como afirma Blanco Torres, estas aspiracións non son novas, “Alfredo Brañas las concretó en páginas fuertes y brillantes”, aínda que “quedaran postergadas a una abstracción o un platonismo”.

O esquecemento sen embargo non supón a renuncia á nacionalidade. Ao igual que Vicente Risco o de Cuntis concibe a nación como un feito independente da vontade das persoas. Nun artigo publicado no ano 1916 en *Vida Gallega*, remitido desde La Habana, pregunta:

"¿Hay en Galicia una tendencia regionalista general? O si no es general, ¿hay por lo menos entre los elementos de más alta representación un propósito definido, vigoroso, orgánico, se siente la idea regionalista como una necesidad vital o psicológica, consubstancial de la personalidad gallega?"¹

A terminoloxía aínda non está perfectamente definida, pero albíscase o que Risco elevaría a categoría conceptual e que formaría parte da totalidade do ideario nacionalista:

"a nacionalidade galega é un feito xeográfico e histórico que non se pode negar. Galicia é un organismo vivo, e polo feito de selo, ten dereito á vida"².

Esta idea xa está claramente artellada en Blanco Torres nun solto publicado en *A Nosa Terra* no ano 1918 dedicado ao propio Risco:

"Os grupos étnicos teñen unha fisionomía inconfundible. As nosas cualidás diferenciaes constituen unha persoalidade con todol-os xeitos temperamentaes e sicolóxicos. A iuxtaposición d'elementos non quer decir fusión de caracteres específicos. N-o xeográfico, filolóxico y-ético somos un povo, unha nacionalidade."³

¹ *Id.*, '¿Nacionalismo, regionalismo, qué...?', *Vida Gallega* (Vigo, 10-10-1916).

² RISCO, V., 'Teoría do nacionalismo galego', *Obras completas*, IV (Vigo 1994) 38.

³ BLANCO TORRES, R., 'Nazionalismo. Pra Vicente Risco', *A Nosa Terra* (5-12-1918).

Xunto á idea de nación camiña, consubstancial a ela, a negación de España como tal en aras dunha concepción plurinacional do Estado. É dicir, existe Galiza, Cataluña, o País Vasco e Castela. Factor determinante nesta distinción de nacionalidades é a lingua entendida como expresión da historicidade do ser humano ou, dito negativamente, a lingua non é un conxunto de símbolos coa función de describir simplemente o que sucedeu obxectivamente; pola contra a lingua é histórica, narra a historia do home; contén a interpretación que do mundo fai; narra desde dentro e define o lugar, a dirección e función que temos no mundo. Atinxe, polo tanto, ao lado sociolóxico, psicolóxico e espiritual pero, ao mesmo tempo, determina os límites dunha comunidade que conta co sentido dunha experiencia común, dunha comprensión parella do mundo, e sábese comprometida nun proxecto similar. Falar un idioma común supón compartir unha determinada comprensión do mundo. A lingua crea, ao mesmo tempo, entendemento e incomprensión en relación a outras comunidades que falan linguas distintas, xa que expresa a tensión que existe entre un pobo que tomou certas decisións respecto á súa vocación no mundo e todas as demais comunidades que, ou son indiferentes, ou optaron por camiños diversos.

"Nosotros tenemos un idioma propio; en él hemos aprendido a hablar y a pensar. Este idioma no lo hemos inventado; es un hecho biológico, con todas las características profundas e indestructibles, de raigambre y trascendencia de los hechos biológicos. La Naturaleza nos dió este instrumento diferencial como nos dió un espíritu, un alma, y sean cualesquiera los avatares históricos y las vicisitudes filológicas de este instrumento, nuestro deber, el deber de los hombres cultos de Galicia, es perfeccionarlo y ennoblecerlo, cultivándolo por amor si se quiere, pero singularmente por imperativo moral."⁴

Posuír unha lingua propia e usala como medio de asunción do mundo dá lugar, en última instancia, a un suxeito cunha peculiar conciencia; de aí que a defensa do idioma en Blanco Torres implique a reivindicación dun país que debe asumir o peso da súa propia historia. O despertar de Galiza vai así fortemente unido ao despertar do idioma. A defensa do idioma é a toma de conciencia do rol que se desempeñará na historia como nación cunha vocación singular.

"Un idioma es un alma (...) es la integración más vigorosa y trascendental de la conciencia de la Historia (...) No le faltaba ya otra cosa a

⁴ *Id.*, 'Idioma, enseñanza, escuelas', *De esto y de lo otro*, cit., 25.

Galicia: que incluso se pretendiese despojarla de lo que tiene de noble, de personalidad y de valor como pueblo con un alma propia (...)"⁵

Por conseguinte, a aparición dun novo tipo de conciencia vinculada á 'nacionalidade', con todos os seus condicionantes (lingua, cultura, historia, idiosincrasia...), parte non tanto do mundo no que esta conciencia se topa a si mesma, canto da maneira en que esta conciencia se entende a si mesma no mundo. Sen embargo, a peculiaridade, o singular, o propio na maneira de estar e entender o mundo ábrese a un fenómeno verdadeiramente universal: as peculiaridades nacionais e filolóxicas, con todos os seus componentes psicolóxicos, sociolóxicos, espirituais e históricos propios, non están delimitados por fronteiras nacionais, económicas, sociais ou raciais. O ser consciente do propio inclúe a valoración do *propio alleeo* e favorece a apertura aos distintos *mundos*.

"Un pobo pode s'asimilare do estranxeiro aquilo que resúltelle proveitoso, mais sin perda da súas íntimas peculiaridades e do seu xenio autóctono. Pode aspirarse ó cosmopolitismo sin perdere a súas carauterísticas esenciaes. O cosmopolitismo non impide a afirmación dos valores psicolóxicos propios, como o privativo non excluye o esótico."⁶

Tal como sinala Carme Vidal⁷, Blanco Torres en pleno debate sobre a cuestión autonómica, en réplica ás razóns esgrimidas en contra por membros do Partido Republicano Radical Socialista, no sentido de que corría perigo a “unidade da patria”, e de que a autonomía era a antítese da universalidade, chega a afirmar que “sería absurdo que houboese incompatibilidade entre a liberdade dun pobo e a irmandade de todos os pobos na liberdade (...) a autonomía ten un sentido universalista porque impulsa as enerxías autóctonas, favorece o alumeamento e desenvolvemento dos valores espirituais vernáculos, e esta é a misión máis efectiva e transcendental que un pobo pode facer ao tesouro mundial da cultura”⁸

Apóstase así por unha comprensión universalista do nacionalismo que supón o recoñecemento do singular para acadar o universal. O nacionalismo non é unha ameaza á integridade do Estado, máis ben é un intento de favorecer a súa cohesión e unidade tendo en conta as diferencias:

"O rexionalismo non sinifica unha escisión da España política, do Estado español, com'a cabeza d'unha entidade xeográfica cujos destinos n-o conxunto rixe; sinifica: autonomía n-a vida das rexións hasta n-as mais

⁵ *Id.*, 'Cuestión de idiomas... y de entendederas', *Galicia. Diario de Vigo* (23-1-1924).

⁶ *Id.*, 'Vigo: cibdade', *Nós*, nº 79.

⁷ VIDAL, C., 'En *El Noroeste*. Unha lição de xornalismo na prensa de partido', cit., 96.

⁸ Cf., *El Noroeste* (19-2-1933). Texto traducido do español por Carme Vidal.

baixas zonas municipais, unha xuntanza das enerxías homoxéneas, a ordenación d'esforzos, o desenrolo do xenio da raza n-as suas diversas manifestaciós, a intensificación e orientación das deficiencias propias. Máis ben, pois, que unha ameaza á integridade do Estado, é o rexionalismo unha colaboración á súa maior vitalidade e desenrolo, porque xuntando en fecunda armonía as forzas qu-actúan espalladas multiplica a capacidade dos factores nazonales."⁹

A universalidade propugnada polo nacionalismo desenvólvese en Blanco Torres parella á evolución conceptual: no paso do termo 'rexionalismo' ao termo 'nacionalismo' conxúgase a singularidade do 'individual' coa xeneralidade do 'universal'; "lo universal -unus versus alium, uno hacia el otro- se funda en lo particular. A eso vamos"¹⁰.

b) España como problema en Blanco Torres

A idea de universalidade conleva, nas reivindicacións nacionalistas de Blanco Torres, a aposta polo internacionalismo e o rexeitamento da 'españolidade' como órgano estrutural do Estado. O internacionalismo, diríamos, a posta en práctica da universalidade asume a existencia dos diversos pobos, "la identificación ideal de todos los pueblos en una obra común"¹¹ e o oposto ao internacionalismo é, no pensamento de Roberto, o 'patriotismo español' que se apoia nunha "entelequia, una quimera que nos vino dando el truco y debido a la cual no hay una verdadera nación ni un alma nacional, ni un ideal común, ni una personalidad espiritual cohesiva"¹².

A comprensión de España como non nacionalidade, como non entidade psíquica, como alongada de calquera valor moral, que non toma corpo na realidade consciente dos homes que habitan na súa ficticia unidade, dalle pé a Blanco Torres para discutir as teses mantidas por Ortega e Unamuno. Con motivo da publicación do libro de don Miguel *Andanzas y visiones españolas*, Blanco Torres fai unha crítica á súa concepción de España. O de Cuntis lamenta a teima de Unamuno "por hacer de varias nacionalidades una sola nación y en verdad que contra un hecho biológico se estrellan sus esfuerzos y la dialéctica de sus tesis de la españolidad"¹³. *España como*

⁹ *Id.*, 'O rexionalismo galego', cit. "La región es un concepto territorial, un nominalismo geográfico y nosotros somos algo más: una personalidad moldeada conforme a peculiares modalidades psicológicas - , influída por las herencias autóctonas y el genio de la raza- aunque pese a los hierofantes de un cosmopolitismo 'snobista' y anodino; y esa personalidad queremos troquelarla en la cultura moderna o intensificarla para nuevos y elevados empeños universales." *Id.*, 'El nacionalismo gallego. Réplica al Sr. Solá', *Faro de Vigo* (12-1-1919).

¹⁰ *Id.*, 'Idioma, enseñanza, escuelas', cit. 29.

¹¹ *Id.*, 'Lo primero, desasnarse', *La Zarpa* (Orense, 21-5-1922).

¹² *Id.*, 'En torno al 'babelismo'. Desmenuzando unas quisicosas', *La Zarpa* (Orense, 21-1-1922).

¹³ *Id.*, 'Apostillas a un libro de Unamuno', *Ibid.*, (Orense, 10-8-1922).

problema en Blanco Torres materialízase como cuestión teórica desde a análise histórica e social que fai do patritotismo español como tópico sentimental, irreal e entrelázase co nacionalismo desde parámetros incluíntes ao rexeitar a acusación de separatismo como falsa xa que, lonxe de calquer resentimento ou sentimentalismo, o que se defende é "hacer la unidad española con la suma de todas las voluntades regionales, con el concierto libre, vario y autónomo de todas las regiones. No suprimir la variedad, sino armonizarla y fecundarla"¹⁴.

O tópico, detrás do que se parapeta a ideoloxía patriótica española, é en Roberto a renuncia a pensar e cuestionar o que non é máis que un 'lugar común' sin corroboración na realidade. O patriotismo español instintivo e sentimental pretende "vivir en el pasado, eternizar las formas muertas desaparecidas, estatificarse sobre valores periclitados (...)" sin exercer a autocrítica necesaria sobre o pasado para poder cambiar. A análise de Roberto racha coa épica patrioteira volvendo a mirada aos acontecementos históricos coa intención de devolverlles o seu verdadeiro significado e cuestionar que é o auténtico patriotismo.

A solución do escritor propón a integración: acabar co isolamento español respecto de Europa, "España se sustrajo al influjo renovador de los tres grandes movimientos históricos del espíritu europeo: el Renacimiento, la Reforma y la Revolución Francesa y se quedó en la Edad Media"¹⁵. A ruptura con este afastamento só se producirá mediante o recoñecemento da diversidade plurinacional que, elevándose por riba do tópico españolista, dea carta de cidadanía ás diversas comunidades en aras dunha universalidade respectuosa coas peculiaridades e experiencias históricas daquelas. A solución integradora entende que non se trata de separatismo. O separatismo consistiría, pola contra, na falta de estima e aceptación da diversidade, xa que separar implica afastar a uns en beneficio doutros. Os separatistas ou *separadores* serían máis ben os centralistas que pretenden negar ou suprimir a identidade dos pobos que conforman o Estado español.

“¿Quen fala de separatismo? Aquí non hai máis separatista que España. Ela encarna o separatismo dos homes, nunha emigración vergoñosa e denigrante, e o separatismo dos espritos, nun réximen de oprobio, de incultura e de ineptia. O Estado español –compre decilo dunha vez para sempre- é o que enxendra o separatismo, é o que fai odiar a España. Mentras o mundo se transforma e olla novos rumbos, en España non hai máis que touros e artistas de varietés, Belmontes, Mari Foselas, Romanones, Datos, Sánchez Guerras, e outras ostras antidiluvianas, outras especies palenteolóxicas.

¹⁴ *Id.*, 'Sobre la autonomía, el separatismo y la unidad', *Ibid.*, (Orense, sen datar).

¹⁵ *Id.*, 'El atavismo derechista. Para Eugenio Arbones II', *El País* (Pontevedra, 21-3-1935).

Nós, que non queremos vivir ao marxen da civilización, loitamos por unha Galicia culta, libre, soberana, grande, aclimatada no mundo europeo”¹⁶.

Son numerosos os textos en que Roberto denuncia a utilización por parte do patrioteirismo español da incultura e a barbarie que emana o mundo dos touros e das cupletistas, como vínculo da unidade e da singularidade de España:

“Ante as pernas de Mari Fosela ouvea como se o pasmo da luxuria levará o seu fogo desde a columna vertebral, aos beizos: e cando a artista cativa dá un grito, como nunha orxía de bestas en celo, xurde un ‘¡Viva Hespaña!’.

¡Pobre raza escrava e decadente!...”¹⁷

2.3. O nacionalismo como medio reivindicador

A primeira asociación que topamos en Blanco Torres respecto ao *mundo galego* é a pobreza. O estado preindustrial no que se sume Galiza débese ás estruturas feudais que organizan a vida social, política e económica do país. Roberto está plenamente convencido de que é posíbel mudar a situación sempre que o cambio veña precedido por un novo xeito de entenderse a si mesmos os galegos. Nesta nova maneira de sentirse e entenderse no mundo a educación do pobo xogará unha baza sumamente importante; as élites intelectuais débense á tarefa de procurar melloras espirituais e culturais, mentes críticas...

"Ansiamos levantarnos los gallegos, más antes es preciso inculcar en el pueblo el concepto de patria, educar a las masas en el sentimiento, en la responsabilidad ciudadana, enfusar en el alma regional la noción de sus derechos, eternamente vilipendiados. Un pueblo consciente es un pueblo libre. Sin libertad no hay ni derechos ni deberes.”¹⁸

Chegados aquí estaremos no punto de despegue, producirase un cambio cualitativo que revasará a inercia das circunstancias e fará tomar conciencia de que a situación de miseria, lonxe de ser *natural*, é provocada. Os galegos decatáranse de que non son pobres, senón que *os fan pobres*; que a súa pobreza é consecuencia directa dunha relación de dominio na que o cacique, o poderoso, o influínte controla a vida do campesino, do pescador e do obreiro. O nacionalismo adquire así, desde a postulación do propio, forza reivindicativa en favor de que os que son dominados

¹⁶ *Id.*, ‘Facetas de actualidade’, *A Nosa Terra* (A Coruña, 15-2-1919).

¹⁷ *Ibid.*

¹⁸ *Id.*, ‘¿Nacionalismo, regionalismo, qué...?’, cit.

sexan os creadores da súa propia historia no ámbito xeográfico no que lle tocou en sorte (ou en desgracia) vivir.

As críticas á emigración, que apuntamos con anterioridade, toman desde esta perspectiva maior profundidade. A emigración é a resposta pasiva do pobo ante unha situación adversa; é a confirmación de que a vida do país organízase tendo en conta as necesidades dunha minoría poderosa que dá publicidade ao tópico de que Galiza é pobre mentres planea unha *economía de clase*. A emigración convértese, polo tanto, na reacción ao estímulo que ofrecen os amos e, o que é máis grave, incapacita á sociedade para mudar as relacións de dominación nas que vive. Que a pobreza e a miseria comecen a ser comprendidas non en termos temporais (xa pasará), senón en termos de relación, como resultado dunha relación onde o poderoso domina ao débil, require en Blanco Torres a toma de conciencia do *propio galego*; que os galegos tomen as rédeas da súa propia historia e deixen de ser obxectos da mesma. Este novo paso ábreunos o camiño, unha vez máis, á universalidade, porque hai lexións de pobos e homes unidos por unha experiencia común, pola experiencia de non permitírselles ser os creadores da súa historia. O nacionalismo como medio reivindicador supón o despertar da conciencia oprimida, daquela conciencia domesticada polo estado de ansiedade no que se topa. Supón romper coa incapacidade de ser suxeito para acadar un sentido de dirección e de vocación histórica. O papel da lingua como expresión dunha peculiar conciencia histórica é inexcusábel; o contrario, falar nunha lingua que non é propia, conleva a *a-historicidade*.

Sen embargo, Blanco Torres non queda na *teorización nacionalista*, é consciente de que o pobo galego aínda non tomou conciencia da súa especificidade como comunidade singular; domina o imperialismo cultural que é a forma máis perigosa de colonialismo xa que escurece a consciencia. O espírito galego segue preso da pasividade, o entusiasmo non debe ser o santo e seña do nacionalismo porque "el maná no cae del cielo y con las bragas enjutas no se pescan truchas", é dicir, unha sociedade será racional e libre na medida en que estea organizada, sostida e reproducida por un suxeito histórico esencialmente novo, un pobo que non se sente asoballado non pode loitar pola su liberdade e recoñecemento, "no se respeta más que lo que se hace respetable. Sólo debe salvarse al que no quiera perecer"¹⁹. A tutela intelectual dos nacionalistas, que fora propulsada por Risco, é cuestionada por Blanco Torres. O escritor móstrase escéptico ante o panorama tan desolador que observa no pobo galego respecto da súa situación. Sen unha nova comprensión de si mesma Galiza non terá futuro, non terá dereito á diversidade:

¹⁹ *Id.*, 'Entre paréntesis', *Galicia. Diario de Vigo* (20-6-1925).

"¿Quiere redimirse Galicia? ¿quieren nuestras tribus ascender a pueblo organizado, a sociedad civil, para cumplir los fines humanos - acaso los únicos fines divinos - de la dignidad, de la libertad y de la cultura? Yo estoy dispuesto a persistir en esta lucha: cuéntese con mi modesto concurso. Pero para esto es necesario que haya detrás un pueblo; un pueblo que quiera manumitirse."²⁰

²⁰ *Id.*, 'Marginales. Comentario a una acotación', *El País* (Pontevedra, 22-6-1934).

